

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**11826** *Real decreto 890/2011, do 24 de xuño, polo que se modifica a norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo.*

A norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, modificada por primeira vez polo Real decreto 238/2000, do 18 de febreiro, incorpora a Directiva 79/112/CEE do Consello, do 18 de decembro de 1978, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, así como as súas posteriores modificacións. No ano 2000, en prol dunha maior claridade e racionalidade, procedeuse á codificación da devandita directiva, publicándose a Directiva 2000/13/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de marzo de 2000, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.

A norma xeral foi modificada posteriormente polos reais decretos 1324/2002, do 13 de decembro, 2220/2004, do 26 de novembro, 892/2005, do 22 de xullo, 1164/2005, do 30 de setembro, 36/2008, do 18 de xaneiro, e 1245/2008, do 18 de xullo, co obxecto de incorporar ao ordenamento xurídico nacional as disposicións das directivas comunitarias posteriormente adoptadas nesta materia.

Por outra parte, o Regulamento (CE) n.º 1332/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre enzimas alimentarios e polo que se modifican a Directiva 83/417/CEE, do Consello, o Regulamento (CE) n.º 1493/1999, do Consello, a Directiva 2000/13/CE, a Directiva 2001/112/CE, do Consello e o Regulamento (CE) n.º 258/97, no seu artigo 21, modifica o artigo 6 da Directiva 2000/13/CE, do 20 de marzo de 2000, de forma que, cando os enzimas se utilicen na elaboración de produtos alimenticios, se deben indicar como ingredientes.

Así mesmo, o Regulamento (CE) n.º 1334/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre os aromas e determinados ingredientes alimentarios con propiedades aromatizantes utilizados nos alimentos e polo que se modifican o Regulamento (CEE) n.º 1601/91, do Consello, os regulamentos (CE) n.º 2232/96 e (CE) n.º 110/2008 e a Directiva 2000/13/CE, no seu artigo 29, modifica a Directiva 2000/13/CE, do 20 de marzo de 2000, e substitúe o anexo III, relativo á designación dos aromas na lista de ingredientes.

Así pois, aínda que as modificacións introducidas polos regulamentos mencionados se encontran vixentes e son de directa aplicación, de cara a unha maior claridade normativa e co fin de evitar a dispersión de disposicións aplicables á materia, procédese á modificación da norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo.

Na súa tramitación foi sometido a consulta das comunidades autónomas a través da Conferencia Sectorial de Consumo. Así mesmo, déuselles audiencia ás asociacións de consumidores e usuarios e aos sectores afectados, e emitiu o seu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade, Política Social e Igualdade, de Industria, Turismo e Comercio, e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de xuño de 2011,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación da norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo.*

A norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O número 3 do artigo 3 queda redactado do seguinte xeito:

«3. Ingrediente: calquera substancia, incluídos os aditivos e os enzimas, utilizada na fabricación ou na preparación dun produto alimenticio e que aínda se encontra presente no produto acabado, aínda que sexa nunha forma modificada.

Non se consideran ingredientes:

a) Os compoñentes dun ingrediente que no curso do proceso de fabricación se eliminasen temporalmente para reincorporalos despois en cantidade que non supere o contido inicial.

b) Os aditivos e enzimas cuxa presenza nun produto alimenticio se deba unicamente ao feito de que estaban contidos nun ou varios ingredientes do dito produto, sempre que non cumpran xa unha función tecnolóxica no produto acabado.

c) Os coadxuvantes tecnolóxicos.

d) As substancias utilizadas nas doses estritamente necesarias como disolventes ou soportes para aditivos, enzimas e aromas.

e) As substancias que non sexan aditivos pero que se utilicen do mesmo xeito e para os mesmos fins que os auxiliares tecnolóxicos e que aínda se encontren presentes no produto acabado aínda que sexa en forma modificada.»

Dous. O número 6 do artigo 7 queda redactado do seguinte xeito:

«6. Os ingredientes que pertencen a unha das categorías enumeradas no anexo II designaranse obrigatoriamente co nome da dita categoría, seguido do seu nome específico ou do seu número CE. No caso de ingredientes que pertencen a varias categorías, indícarase a que corresponda á súa función principal no produto alimenticio de que se trate.

Os enzimas distintos dos mencionados na epígrafe 3.b) do artigo 3 débense designar mediante o nome dunha das categorías de ingredientes que figuran no anexo II, seguido do seu nome específico.»

Tres. O anexo III substitúese polo seguinte texto:

## «ANEXO III

### Designación dos aromas na lista de ingredientes

1. Non obstante o disposto no número 2, os aromas serán designados polos seguintes termos:

– “aromas” ou unha designación ou descrición máis específica do aroma, se o compoñente aromatizante contén aromas tal e como se definen no artigo 3, número 2, letras b), c), d), e), f), g) e h), do Regulamento (CE) n.º 1334/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, relativo a aromas e determinados ingredientes alimentarios con propiedades aromatizantes utilizados nos alimentos.

– “aroma(s) de fume” ou “aroma(s) de fume producidos a partir de alimentos ou categorías ou fontes de alimentos” [por exemplo, aroma(s) de fume a partir de faia] se a parte aromatizante contén aromas tal e como se definen no artigo 3, número

2, letra f), do Regulamento (CE) n.º 1334/2008 e confiren un sabor afumado aos alimentos.

2. O termo “natural” para describir os aromas utilizarase conforme o disposto no artigo 16 do Regulamento (CE) n.º 1334/2008.»

**Disposición transitoria única.** *Prórroga de comercialización.*

Os alimentos comercializados ou etiquetados legalmente antes da entrada en vigor deste real decreto que non se axusten ao novo anexo III poderanse comercializar ata que se esgoten as súas existencias.

**Disposición derradeira primeira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de xuño de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO